

Fragas do Mandeo, unha década velando pola conservación dos espazos naturais de As Mariñas

A Fundación celebrará o seu décimo aniversario o 6 de xullo cunha charla telemática na que se fará balance das actuacións realizadas nestes dez anos

ISABEL SOUTO / Comarca

A Fundación Fragas do Mandeo celebrará o vindeiro 6 de xullo o décimo aniversario dende que se constituíra como entidade de custodia do territorio.

A intención dos responsables era festexar esta efeméride con actos presenciais, mais decidiron optar por unha charla telemática ante os riscos da pandemia.

Na charla farase balance desta década de traballo desinteresado en favor da conservación dos espazos naturais da comarca de As Mariñas. Poderá seguirse o luns 6 de xullo a última hora da tarde a través de Internet. Ademais, estará dispoñible en diferido na súa web www.fragasdomandeo.org onde tamén se poderá acceder ao enlace á sala de conferencias virtuais.

Un día antes, o día 5 organizárase unha saída de voluntariado cun grupo reducido de persoas e gardando todas as medidas de seguridade e hixiene, para a eliminación de especies invasoras na Reserva de Catorce.

Compromiso coa natureza

Ao longo destes dez anos de existencia da Fundación, realizáronse acordos de custodia do territorio que na actualidade lles permiten xestionar case 270.000 metros cadrados de superficie

procedente de compravendas, doazóns, cesións e arrendamentos.

Outro, dos fitos importantes na andaina de Fragas do Mandeo foi a creación de dúas reservas: a de anfibios do Catorce, en Coirós, e a do Olla da Roda no municipio de Oza-Cesuras.

A loita en favor da recuperación do bosque autóctono é outra das liñas de acción da Fundación. Así, poden presumir de ter eliminado o eucalipto de dez hectáreas de monte que foron repoboadas con especies autóctonas.

A erradicación da flora exótica invasora é outro dos piares de actuación de Fragas do Mandeo así como a limpeza e recollida de lixo nos ríos, nas praias e nas marismas.

Balance do ano

Este ano, malia estar marcado polo confinamento, deixa cifras nada despreciables do labor das voluntarias e voluntarios da Fundación.

Antes da declaración do estado de alarma, entre xaneiro e o 14 de marzo, retiráronse case 3 toneladas de lixo e de entullos nos espazos naturais da bisbarra e máis dunha tonelada de biomasa de ata unha vintena de especies diferentes de plantas exóticas.

Estes traballos centráronse en diferentes entornos, tanto nas dúas reservas creadas pola Fundación como nos ríos Mandeo e

Mendo, nas praias de Abeleira, Alameda e Grande de Miño e na marisma da Ría de Betanzos. Tamén realizaron traballos de mantemento e limpeza no observatorio ornitolóxico e na contorna da lagoa de Sobrado.

"Durante o confinamento, a nosa preocupación era o avance das especies exóticas invasoras", explicou o presidente da entidade, Fernando Bandín. Unha vez que as autoridades permitiron a saída ao campo percorreron todas as zonas de actuación: "hai que salientar o pouco lixo atopado debido tanto á ausencia de visitantes polo confinamento como a que non houbo enchentes nin temporais que arrastraran refugallo", comentou.

A biomasa total que retiraron non chegou aos 150 quilos. Nos ríos Mandeo e Mendo recolléronse 13,5 quilos de lixo, cifra que contrasta cos 431 quilos recollidos no primeiro trimestre do ano.

Porén, as invasoras (crocosmia, tradescantia, eixerón e outras especies) extendéronse durante o período de corentena se ben con resultados diferenciados segundo as zonas. No Mendo retiráronse 3 quilos de cinco especies mentres que no Mandeo elimináronse 13 quilos de sete especies diferentes.

En zonas como o rego das Bouzas, o afluente do Mandeo que desemboca en Chelo, a tradescantia estaba a recolonizar zonas onde se actuou durante os últi-



Voluntariado da Fundación durante unha xornada de recollida de lixo na ría de Betanzos, o pasado 23 de febreiro, no entorno do observatorio ornitolóxico de Souto (Paderne)

mos tres anos e foron retirados 60,5 quilos desta especie e doutras catro invasoras.

Implicar á cidadanía

Fernando Bandín destacou o "traballo desinteresado e o esforzo dos numerosos voluntarios que acoden ás xornadas que organizamos periodicamente", dixo, e iniciou na necesidade de que a cidadanía se implique na conservación da natureza: "Dende a Fundación ofrecemos a posibilidade de participar directamente no coidado do entorno natural", dixo.

Precisamente o voluntariado é un dos grandes activos da Fundación, xunto coas empresas e entidades colaboradoras, que foron medrando ao longo destes anos. Neste sentido, Bandín agradece a colaboración recibida durante este tempo. "O número de persoas e entidades que colaboran con nós medrou moito neste tempo mais se temos en conta o ritmo de degradación dos espazos naturais, son insuficientes", apuntou, e resaltou que para a Fundación sería importante

poder ampliar o territorio de actuación pero para iso sería preciso moita máis xente: "para iso sería preciso que a entidade medrase para poder realizar máis traballo nun espazo máis amplo. Facemos o que podemos cos recursos dos que dispoñemos", salientou.

A Fundación apela aos amantes da natureza a que se sumen ao seu proxecto e a que participen directamente nas diferentes accións promovidas dende o colectivo. "Contamos con persoas voluntarias que veñen de diferentes lugares de Galicia, de Santiago, de Ferrol, da Coruña, e no verán xente tamén de fóra da comunidade", comentou, e engadiu que se tivese que definir un perfil medio do persoal voluntario que máis colaborou no pasado ano coa entidade este sería "muller de mediana idade e residente en Sada".

Para informarse sobre as diferentes campañas de conservación e actividades poden consultar a páxina web: www.fragasdomandeo.org, escribir un correo electrónico a correo@fragasdomandeo.org ou chamar ao teléfono 981105903.

Lacolada
CLEAN & DRY
LAVANDERÍAS AUTO-SERVICIO

SECADOS 3€
LAVADOS DESDE 5€

DESCARGANDO LA APP 10% DE DESCUENTO

C/Rosalía de Castro 22
BETANZOS

CE·RO metal

RÓTULOS LUMINOSOS · LETRAS CORPÓREAS
MARQUESINAS · TOLDOS
rotulaciones en vinilo · carteles de obra · señalización
sistemas de acero · aluminio · cobre · latón · metacrilato...
PERSIANAS DE SEGURIDAD / MOTORIZACIONES
PUERTAS / ACERO INOX.

981 77 31 04 · Ctra. del Muelle · BETANZOS · Carpintería metálica · Acero inoxidable · Metalistería

RCC

economistas
Colexio da Coruña

Angel Manuel Crespo Crespo
GESTIÓN DE EMPRESAS

Economista · Auditor
Mediador de Seguros · Agente Financiero
Asesoría Tributaria y Contable

Rúa Rollo nº 34 baixo B
rcc@rccgestion.net
981 97 06 06